

Acta da Xunta de Goberno, constitutiva, de carácter extraordinario,
correspondente ó 9 de xullo de 2019

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o nove de xullo do ano dous mil dezanove, ás doce horas e trinta minutos, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación, co fin de realizar sesión extraordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Armando Ojea Bouzo

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Luz Doporto Real

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventor:

D. José Mosquera Casero

Iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO.- Dáse conta da nova composición da Xunta de Goberno, que está conformada polos señores deputados e deputadas no encabezamento relacionados, trala resolución previa da Presidencia do día 28 de xuño de 2019. Por unanimidade, declárase constituída a Xunta de Goberno para o mandato 2019-2023.

2.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Por parte da Presidencia dáse conta da seguinte declaración institucional desta Xunta de Goberno en relación coas tormentas e riadas do día 8 de xullo de 2019 nas comarcas de Monterrei e Valdeorras:

1º.- Lamentar profundamente os danos persoais e materiais sufridos polos veciños e veciñas afectados nas comarcas de Monterrei e Valdeorras.

2º.- Poñer a disposición dos afectados e afectadas os servizos técnicos provinciais do INORDE, para que efectúen unha valoración dos danos sufridos nas referidas comarcas.

3º.- Poñer a disposición dos veciños e veciñas afectados os medios materiais e humanos do Consorcio Provincial de Incendios e do Parque de Maquinaria da Deputación Provincial de Ourense.

4º.- De conformidade coas valoracións que se obteñan, estudar a posibilidade de solicitarlle ao goberno a declaración de zona catastrófica para ambas comarcas afectadas.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 12.50 horas, do referenciado día nove de xullo do ano dous mil dezanove, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.

